



CONCELLO DE CHANTADA

MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2024 Artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

O proxecto do orzamento municipal para o exercicio 2024, que se eleva ao pleno da corporación en cumprimento das disposicións vixentes ascende, no estado de gastos á cantidade de 8.425.014,05 €, e no de ingresos á cantidade de 8.425.014,05 € en consecuencia, o referido proxecto non presenta déficit inicial.

Concluída a elaboración do proxecto de Orzamento Xeral do exercicio 2024, seguidamente exponse o seu contido, comezando polo

ESTADO DE INGRESOS desenvolvido por Capítulos, para o cálculo do cal se tiveron en conta os importes que se prevén liquidar por aplicación das Ordenanzas Fiscais, pola Participación nos Tributos do Estado, pola transferencia procedente do Fondo de Cooperación da Xunta de Galicia, por subvencións e transferencias de diferentes organismos e polos demais recursos que integran este estado do Orzamento.

En canto as ordenanzas fiscais está previsto aprobar a taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa que fora derogada no exercicio 2020 por mor da COVID-19 e modificar outras como a taxa de recollida de lixo, prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, entre outras.

Hai que sinalar, tanto para o caso dos ingresos como dos gastos que integran este documento, que a súa elaboración se realiza de acordo coa Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, que foi modificada mediante a Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, aplicable a partires do 01 de xaneiro de 2015.

ESTADO DE INGRESOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.619.739,45
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	90.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.346.901,04
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.789.366,23
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	9.900,00
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	569.107,33
8	ACTIVOS FINANCEIROS	
9	PASIVOS FINANCEIROS	
TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS		8.425.014,05

CAPÍTULO 1. IMPOSTOS DIRECTOS.

Os impostos directos comprenden o Imposto sobre Bens Inmóveis, o Imposto sobre

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

Actividades Económicas, o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica e o Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Os ingresos que proveñen destes impostos directos ascenden a 2.619.739,45€, o que supón unha diminución con respecto o ultimo orzamento aprobado motivado principalmente pola menor recadación do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (PLUSVALIA).

CAPÍTULO 2. IMPOSTOS INDIRECTOS.

Os ingresos dos impostos indirectos proveñen do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 90.000,00 €, aumenta respecto o ano pasado debido a recadación no exercicio 2.023 que nestes intres importa 119.047,40 €, sen ter en conta as devolución polo beneficio fiscal do 95%.

CAPÍTULO 3. TAXAS E OUTROS INGRESOS .

Os ingresos previstos por operacións correntes procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos, experimentan un importante aumento debido a previsión de liquidar a taxa do lixo rural con efectos retroactivos , alcanzando un importe de 1.346.901,04 € , un 86% superior ao 2023 .

CAPÍTULO 4. TRANSFERENCIAS CORRENTES .

O total de ingresos previstos no Capítulo IV por transferencias correntes, prevese superior ao previsto no exercicio 2023 , como consecuencia do aumento das transferencias para dependencia por incremento de horas (647.280 €), Inclusión 34.276,00 € e das previsións do Fondo de Cooperación da Xunta de Galicia un 6% (410.476,95 €). O resto de subvencións de carácter repetitivo e periódico manteñense como no exercicio 2023 CIM 43.476,19 € , Traballadores sociais 50.445,00 € , AEDL 9.857,39 €.

Tamén se orzamenta o Plan Único 2024 da Deputación de Lugo para SAF , o obradoiro dual de emprego Serra do Faro fase VIII e unha subvención para auxiliar administrativos dos servizos sociais.

CAPÍTULO 5. INGRESOS PATRIMONIAIS .

Os ingresos patrimoniais proveñen de rendas de inmobles .Non varían.

CAPITULO 7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

O total de ingresos previstos no Capítulo VII por transferencias de capital prevese inferior ao do 2023 por mor da menor aportación da Xunta na rehabilitación do edificio destinado a biblioteca.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org





CONCELLO DE CHANTADA

Seguidamente expónse a proposta deste Órgano en relación co

ESTADO DE GASTOS no que se consignan créditos para atender os distintos servizos que presta o Concello, o desenvolvemento do cal a nivel de Capítulo é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
1	GASTOS DE PERSOAL	3.147.753,09
2	GASTOS CORRENTES E SERVIZOS	3.983.267,35
3	GASTOS FINANCEIROS	16.208,18
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	371.980,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA	
6	INVESTIMENTOS REAIS	849.805,43
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	22.000,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	
9	PASIVOS FINANCEIROS	34.000,00
TOTAL DO ESTADO DE GASTOS		8.425.014,05

CAPÍTULO 1.- GASTOS DE PERSOAL. –

Contemplase unha subida do 2% das retribucións no sector público e dúas dedicacións dos órganos de goberno .Tamen se inclúe o persoal do obradoiro dual de emprego.

CAPÍTULO 2.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS.

Experimenta un aumento do 13% debido principalmente a suba do IPC . Inténtase controlar os gastos que non sexan imprescindibles e obrigatorios para a Corporación.

Adáptanse ás necesidades do exercicio actual derivadas de incrementos dos prezos de subministracións (combustibles, enerxía eléctrica), obrigas de mantemento de edificios ou instalacións non existentes, contratos de prestación de servizos e xestión de servizos públicos etc.

CAPÍTULO 3.-GASTOS FINANCEIROS.

Experimenta un aumento respecto ao 2023 pola subida dos tipos de interese do préstamo da LMTS do polígono industrial os acivros.

CAPÍTULO 4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES.

Recóllense os créditos destinados a subvencións nominativas que ascende un 31% con respecto a 2023.

O desglose das subvencións nominativas a conceder recóllese nas Bases de Execución do Orzamento e no anexo de subvencións nominativas e cotas , así como a forma de xustificación de acordo coa Lei Xeral de Subvencións.

CAPÍTULO 6.- INVESTIMENTOS REAIS.

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

Analízase con detalle no anexo de investimentos que como documento complementario incorporase ao Orzamento.

Chantada, na data da sinatura electrónica no 2023.

O ALCALDE ,
A/ Manuel L. Varela Rodriguez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org



Cod. Validación: 5P25GWN2LTD4EHM6F9CRW9WY
Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4